

# ANTROPOLOXÍA 1º BACHARELATO

**HORAS:** 2 HORAS

A Antropoloxía como estudo da humanidade, dos pobos antigos e modernos e dos seus estilos de vida, pode axudar ao alumnado a reflexionar sobre as crenzas e valores herdados do seu contorno intelectual ou da tradición, non co fin de cambiar necesariamente o punto de vista propio, senón de ensanchalo tendo en conta outras perspectivas. O currículo da materia consta de cinco bloques que van dende a antropoloxía física á cultural e social.

## **Bloque 1. A antropoloxía como saber**

Identifica e distingue, de xeito claro e razoado, o campo de estudo da antropoloxía.

## **Bloque 2. Antropoloxía física: hominización e humanización**

Estudo da orixe e a evolución da especie humana.

## **Bloque 3. Antropoloxía cultural**

Analiza algún elemento cultural do seu contorno, comprendendo a complexidade da diversidade cultural global e de Galicia.

## **Bloque 4. Antropoloxía social**

Analiza as modalidades de organización domésticas e os sistemas de parentesco, prestándolle especial atención á realidade galega.

## **Bloque 5. Antropoloxía filosófica**

Analiza e describe o sentido da vida e da morte.